

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E LENDA EDUCATIVA, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, PARA POSIBILITAR O USO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DE ALUMNADO CON DISCAPACIDADE NUN CENTRO EDUCATIVO RADICADO NA PROVINCIA DA CORUÑA

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, Sara Pombo Trigo, que actúa no nome e representación de Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega, na súa calidade de administradora única, nomeada o día 9 de febreiro de 2024, segundo consta no Rexistro Provincial da Coruña da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

EXPOÑEN

I.- Que o 9 de agosto de 2024 a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega asinaron un convenio de colaboración para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar ao alumnado con distintos tipos de discapacidades nun centro educativo radicado na provincia da Coruña (CEEPR Lenda Educativa).

II.- Que as necesidades de uso do servizo de comedor escolar para o alumnado con distintos tipos de discapacidades que motivaron o asinamento do convenio manteñen a súa vixencia para o curso escolar 2025-2026.



III.- Que a cláusula décimo terceira do convenio prevé a posibilidade de prórroga por cursos escolares completos, sempre que conste expresamente a vontade das partes asinantes do convenio.

De acordo con todo o anterior, e co obxectivo de garantir o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e preferente, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega acordan a sinatura desta addenda para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar ao alumnado con distintos tipos de discapacidades nun centro educativo radicado na provincia da Coruña (CEEPR Lenda Educativa) con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta addenda, estender a vixencia do convenio asinado o 9 de agosto de 2024 durante o curso escolar 2025-2026.

Segunda.- Financiamento para o curso escolar 2025-2026

A consellería colaborará con Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega cunha achega económica de 2,88 euros por usuario, sendo a aportación máxima de 8.202,24 € (3.271,68 € no ano 2025 e 4.930,56 € no ano 2026), para un número máximo de 16 usuarios autorizados, que se financiará con cargo á partida orzamentaria 07.01.423A.221.07 dos orzamentos xerais de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2025 e 2026.

Terceira.- Publicidade e rexistro da addenda. consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade desta addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.



Asemade procederase a inscrición desta addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura desta addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Cuarta.- Condicións

Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo, sen prexuízo da aplicación para o curso escolar 2025-2026 do financiamento establecido na cláusula segunda desta addenda.

Estando conformes co estipulado, asínase esta addenda na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional
P.D. (Orde do 05.06.2024)

O secretario xeral técnico
Manuel Vila López

A administradora única de Lenda
Educativa, Sociedade Cooperativa Galega

Sara Pombo Trigo

